

ASUNTO: ELECCIÓN PARCIAIS. INFORME

Antecedentes:

Con data 14-02-2005 a Secretaría Xeral da Universidade solicita a emisión dun informe xurídico no que, á vista dos resultados das eleccións celebradas o pasado 01-12-2004, se analice a procedencia de celebrar eleccións parciais nos seguintes supostos:

- 1) sectores e circunscricións que non tiveron candidatos, ou ben estes non acadaron a metade dos postos convocados.
- 2) sectores e circunscricións nos que os representantes electos renunciaron.

Consideracións xurídicas:

Primeira. O proceso electoral de referencia ven rexido polo disposto no Regulamento electoral xeral aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña na súa sesión do 20-10-2004, consonte o disposto na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e os Estatutos da Institución, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio.

O punto de partida para abordar as cuestións obxecto de informe atópase no disposto no artigo 16.4 do citado Regulamento, que por ubicarse no título primeiro “normas xerais”, resulta aplicable a tódolos procesos electorais contemplados na norma, sen prexuízo do réxime específico propio de cada un deles que se establece sucesivamente nos seguintes títulos do regulamento de referencia. O citado precepto ven a establecer que:

“Se o número de candidaturas presentadas e admitidas a representantes en órganos colexiados for igual ou inferior ao número de postos ou vacantes para cubrir no proceso electoral, enténdese que as persoas candidatas proclamadas definitivamente foron eleixidas automaticamente sen necesidade de proceder a ningunha votación.”

Establecido o anterior, nin o precepto de referencia, nin ningún outro deste título, prevén expresamente a forma de cubrir os postos restantes, a diferenza doutros regulamentos de universidades do noso entorno, no que sí se regula

este suposto con carácter xeral, establecendo mecanismos de moi diferente natureza ¹.

Sen embargo, no seguinte título do regulamento, atopamos preceptos que sí establecen o modo de proceder en supostos concretos. Así, no Título Segundo, Capítulo Segundo, adicado ao Consello de Goberno, o art. 29.2 establece que:

“... Se non existiran candidatos suficientes para cubrir as prazas correspondentes a un subsector, esas prazas acrecentaranse ás correspondentes a decanos ou directores de escola, a directores de departamento e a directores de instituto por esta orde de preferencia. ...”.

No Capítulo Cuarto, adicado aos Consellos de Departamento, o art. 31.1.d) establece que:

“... En caso de non se cubrir o terzo correspondente a estudantes de terceiro ciclo, esa porcentaxe será ocupada por estudantes de primeiro e segundo ciclo e viceversa”.

Á vista do anteriormente exposto chégase, como **primeira conclusión**, á de que no sistema electoral deseñado polo regulamento vixente na Universidade da Coruña non está prevista a celebración de novas eleccións ou eleccións parciais no suposto de queden vacantes, total o parcialmente, os postos convocados nas eleccións orixinarias.

Segunda. Ao fío do anterior, xurde, como cuestión a analizar, a de si a convocatoria de eleccións parciais naqueles sectores nos que quedaron

¹ **Reglamento electoral de la Universidad de Cádiz, aprobado el 04/11/2003 Artículo 45.- Vacantes.**

1. Las vacantes que se produzcan en cualquier momento del mandato del órgano colegiado serán cubiertas por los candidatos siguientes que hubieran obtenido mayor número de votos en la última elección.

2. De no cubrirse las vacantes por el procedimiento anterior o no presentarse suficientes candidaturas para cubrir los puestos de representación asignados, se convocarán elecciones parciales en el plazo de un mes, salvo en el supuesto de vacantes en los Consejos de Departamentos, en cuyo caso habrá de estarse al plazo de duración del mandato establecido en el artículo 78 de los Estatutos de la Universidad de Cádiz.

**Reglamento electoral de la Universidad Pública de Navarra
Artículo 12.**

1. Cuando el número de candidatos presentados sea igual al de puestos a cubrir en los órganos colegiados de gobierno y en las Comisiones de Doctorado e Investigación, el Órgano Electoral competente les proclamará automáticamente electos sin necesidad de votación.

2. Cuando el número de candidatos sea inferior al de puestos a cubrir el Órgano Electoral competente les proclamará automáticamente electos sin necesidad de votación. Para cubrir los puestos restantes, se procederá a un sorteo sobre la totalidad del censo definitivo del sector o grupo, excluidos los ya proclamados.

3. En ausencia de candidaturas presentadas conforme a las normas anteriores, resultarán designados los que lo sean mediante un sorteo hecho sobre la totalidad del censo definitivo correspondiente.

vacantes máis da metade dos postos convocados ven determinada polo disposto nos arts. 30.4 e 31.4 do regulamento, que establecen para as Xuntas de Centro e os Consellos de Departamento, respectivamente, o seguinte:

Art. 30.4, “ En caso de cesamento de representantes, no prazo máximo dun mes o decano ou directordo centro cubrirá os postos cos candidatos que no último proceso electoral celebrado obtivesen maior número de votos en cada sector sen acadaren representación. Se os non houber, os posto serán cubertos no seguinte proceso electoral, tras a expiración do mandato da xunta de facultade ou escola, salvo que o número de novos postos para cubrir sexa superior á metade do número total de representantes de cada sector, en cuxo caso terán que se convocar eleccións parciais ...”.

Art. 31.4. “ En caso de cesamento de representantes, no prazo máximo dun mes o director do departamento cubrirá os postos cos candidatos que no último proceso electoral celebrado obtivesen maior número de votos en cada sector sen acadaren representación. Se os non houber, os posto serán cubertos no seguinte proceso electoral, tras a expiración do mandato do consello de departamento, salvo que o número de novos postos para cubrir sexa superior á metade do número total de representantes de cada sector, en cuxo caso terán que se convocar eleccións parciais ...”.

O tenor literal dos citados preceptos é suficiente para concluír, a xuízo de quen informa, que o neles preceptuado é unicamente de aplicación aos supostos aos que especificamente se refire, isto é, en caso de cesamento dos representantes electos ou, dito doutro xeito, nos supostos de perda sobrevida de representación.

Terceira.- Aplicando a normativa e os criterios expostos aos diferentes supostos sometidos a informe, cabe concluír que unicamente procede a convocatoria de eleccións parciais naqueles casos en que, por cesamento de representantes, o número de postos vacantes nun determinado sector sexa superior á metade do total destes, circunstancia que unicamente se detecta no sector de alumnos da Xunta de Centro do INEF, no que, segundo os datos achegados coa solicitude de informe, nas eleccións de decembro resultaron cubertos 10 dos 16 postos inicialmente convocados, de xeito que a actual existencia dun número de vacantes superior á metade ven determinada polo cesamento –en virtude de renuncia- dos electos, circunstancia que ten encaixe no suposto de feito ao que se refire o art. 30.4 do regulamento, e que determina a procedencia de convocar eleccións parciais para cubrir a totalidade das vacantes existentes nese sector e circunscrición.

Este é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito, significadamente ao que poidera emitir a Comisión Electoral da UDC, á que o art. 8 do Regulamento atribúe expresamente a función de interpretar a normativa electoral.

A Coruña, 25 de febreiro de 2005

A xefa do Servizo de Asesoría Xurídica

Asdo.: Pilar Olmo Bosco

-ILMA. SRA. SECRETARIA XERAL